

32º MIGUELITO

TROFEO INTERNACIONAL DE JUDO **on-line** NA ESCOLA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

“Estou orgullosa de poder asistir este ano, aínda que sexa a través dunha pantalla, á celebración dun trofeo que chega á súa trixésimo segunda edición dun xeito diferente, en liña, pero non por iso menos interesante.

Quero agradecer o grande esforzo que realizou a Federación Galega de Judo por facer que o tatami non perda forza e que a afección das e dos coruñeses e galegos, das persoas practicantes de judo de todo o Estado e fóra del continúe viva grazas a exercicios que as e os deportistas poderán realizar este mes a través de tutoriais.

Sabemos que este trofeo non ten parangón e que a súa sona chega até lugares recónditos da xeografía. Por iso, nesta edición, encheremos un “Coliseum” ficticio de persoas de todas as nacionalidades, xa que nesa busca de internacionalizar esta competición, a organización “cruzou o charco” e traspasou os Pirineos para chamar a atención de federacións localizadas en distintos continentes. E porque? Pois para que o judo siga sendo a elección das nosas e dos nosos pequenos e para agrandar esa canteira que o día 31 ten unha cita diante do ordenador, das 10.30 ás 20.30 horas.

Quero destacar tamén o interese das súas familias e titoras/es para que ese día se colguen unha medalla e por contribuíren a que amen, máis se cabe, este deporte que tantos valores lles infunde. Son todas e todos unhas campioas e campións ao elixilo.

Ademais das probas físicas, cómpre destacar igualmente o traballo da federación por entreter as cativas e cativos durante todo este mes con contos e láminas para pintaren un Miguelito con máscara por varios lugares desa nosa Coruña bonita, unha cidade que está desexando volver a vibrar en directo con esta especialidade que tanto lle gusta.”



Da. Inés Rey García
ALCALDESA DE A CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña